

## **Programa de “BOLSAS-PRÁCTICAS FUNDACIÓN ONCE-CRUE”**

**Prácticas remuneradas en empresas para estudiantes con discapacidad**

### **5 Bolsas**

**Prazo de solicitude: ata o 31 de decembro de 2016**

#### **I. OBXECTO**

A Universidade da Coruña convoca 5 bolsas para a realización de prácticas académicas externas dirixidas a estudiantes universitarios con discapacidade co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade e oportunidades futuras de emprego.

O réxime desta convocatoria axústase ao previsto no Convenio marco de 22 de xuño de 2016, establecido entre a Fundación ONCE e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (2014-2020) para o desenvolvemento do Programa de prácticas académicas externas Fundación ONCE-CRUE, Convocatoria 2016/2017, así como no *Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario* e no vixente *Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado da Universidade da Coruña*.

As prácticas académicas externas poderán ser desenvolvidas en grandes empresas, PEMES, microempresas, empresas de economía social, entidades do terceiro sector e outras institucións públicas e privadas.

#### **II. DURACIÓN**

As prácticas académicas externas terán unha duración mínima de 3 meses consecutivos, ampliables a 6 meses, á instancia da empresa de acollida en caso excepcional. O horario será de 25 horas semanais que será pactado entre a empresa e a persoa bolseira. En ningún caso, poderá levarse a cabo a realización das prácticas académicas externas de maneira fraccionada.

### III. REQUIRIMENTOS DE PARTICIPACIÓN

1. Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
2. Estar matriculado/a, no momento da solicitude e no momento da data de comezo da práctica, en calquera ensinanza oficial ou propia de grao ou mestrado da UDC ou dos Centros adscritos.
3. En función das características deste programa se esixirá ter superado o 50% de créditos do correspondente título universitario, incluíndo, como mínimo, todos os créditos de formación básica; no caso do estudiantado de mestrado a porcentaxe anterior será do 30% no momento de finalización do prazo de inscrición. Priorizarase a estudiantes de último curso.
4. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con empresa, institución ou entidade algúnhia.
5. Non ter sido beneficiario de bolsa ao amparo de anteriores convocatorias do Programa.
6. Non ser beneficiario doutra axuda ou bolsa formativa de características análogas a este programa.
7. Non estar en disposición de solicitar o título no momento de iniciar a práctica.

### IV. DOTACIÓN DA BOLSA DE FUNDACIÓN ONCE

A Fundación ONCE efectuará o pagamento da bolsa outorgada cunha cantidade de 1.800 € para cada estudiante, que resulta de realizar 3 meses de prácticas académicas externas remuneradas a 600 € cada mes<sup>1</sup>.

As cotizacións á Seguridade Social estarán suxeitas á normativa de prácticas académicas externas do estudiantado universitario, así como ás posibles bonificacións ou exencións da Seguridade Social que poideran existir en relación á contratación de persoas con discapacidade.

<sup>1</sup> O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (2014-2020).

Estas prácticas académicas externas poderán prorrogarse ata un máximo de 6 meses, se así o acordan as partes, caso no que a remuneración correrá a cargo da empresa ou entidade de acollida. O desenvolvemento de prácticas académicas externas comprenderá dende o 1 de febreiro ao 31 de outubro 2017, podéndose prorrogar ata o 31 de decembro.

## V. PRAZO INSCRICIÓN

Desde a publicación desta convocatoria na sede electrónica da UDC ata o 31 de decembro de 2016.

## VI. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN PARA O ESTUDANTADO

Será requisito inescusable cumplir con todos os pasos do procedimento de inscrición que de seguido se relacionan:

1. Inscribirse no Portal Web do Programa de prácticas académicas externas Fundación ONCE-CRUE:  
<http://becas.fundaciononce.es/Paginas/BecasPracticasOnceCrue.aspx>
2. O alumnado matriculado en mestrado cuxa titulación habilitante fose cursada noutra universidade, deberá subir á plataforma anterior o expediente académico da titulación habilitante con nota media sobre dez.

Aquelas solicitudes que non cumpran cos dous procedementos anteriores serán automaticamente anuladas.

## VII. PERÍODO DE REALIZACIÓN DA PRÁCTICA

Entre o 1 de febreiro de 2017 e 31 de outubro de 2017.

Excepcionalmente, e sempre que estea xustificado pola Universidade da Coruña, o prazo del desenvolvemento das prácticas académicas externas poderase extender ata o 31 de decembro do ano en curso da convocatoria.

## VIII. ASIGNACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

A asignación da bolsa entre as persoas candidatas realizarase pola UDC dacordo cos principios de transparencia, capacidade e mérito. Conforme a estes principios, se determinará, con carácter previo, os criterios cuantitativos para a baremación das solicitudes conforme ao cadre de méritos seguinte:

1. Expediente académico
2. Grao de discapacidade oficialmente recoñecida
3. Adecuación ao perfil solicitado na oferta por parte da Empresa
4. Méritos expostos no Curriculum Vitae
5. En caso de igualdade de méritos, priorizarase ao alumnado de último curso

## IX. XESTIÓN DAS BOLSAS

A xestión destas bolsas levarase a cabo de modo coordinado polo SAPE-Emprego e a Oficina de Atención á Diversidade da Universidade da Coruña.

O SAPE publicará unha lista provisoria de admitidos na web da UDC ([www.udc.gal](http://www.udc.gal)) e o alumnado disporá de 5 días hábiles para enmendar os erros na solicitude. Transcorrido o período para a corrección de erros publicarase na web da UDC a lista definitiva de admitidos.

A UDC presentará una lista priorizada que será sometida á valoración por parte da empresa en entrevista persoal e aqueles outros criterios que considere de aplicación no marco das súas políticas de realización de prácticas formativas. A adxudicación da bolsa estará sometida á aceptación da candidatura por parte da empresa.

Unha vez seleccionada a persoa bolseira a empresa deberá enviar un correo electrónico ao enderezo [emprego.vepeu@udc.gal](mailto:emprego.vepeu@udc.gal) cos datos da persoa seleccionada. A adxudicación da praza farase por rigoroso orde de chegada do correo electrónico.

Posteriormente, a UDC notificará á persoa seleccionada a súa aceptación por parte da empresa. A adxudicación da praza producirá os seus efectos desde o día da publicación da resolución reitoral de adxudicación. Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo establece a Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte da notificación da presente resolución, ou calquera recurso que estime procedente.

## X. FINANCIACIÓN DA BOLSA

A Universidade recibirá a dotación da Fundación ONCE en concepto de mecenazgo, ao amparo do previsto na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo (artigo 25), debendo destinar a mesma:

- a) Ao pago dunha bolsa ao alumnado participante.
- b) Ao cumprimento das obrigas que, en materia de seguridade social, fiscal ou de cualquera otro tipo con carácter xeral, correspondan ou poidan chegar a corresponder, por imperativo legal ou regulamentario, á propia Universidade da Coruña, en canto financiadora directa das mesmas.

Cómpre ter en conta a posibilidade de que este importe poida variar en función de que a práctica teña a consideración de práctica curricular ou non, posto que no primeiro caso, e ao amparo do disposto na Disposición Adicional Vixésimoquinta do Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo ou calquera outra norma que a substitúa, modifique ou complemente no futuro, podería estar bonificada na cotización da seguridade social;

ou tamén en función do establecido para o caso excepcional das prácticas académicas externas a xornada reducida de catro horas.

A bolsa é compatible con calquera outra axuda que o/a estudiante poida obter da empresa de destino ou de calquera terceiro, salvo o previsto no requisito de participación, punto 6).

En todo caso, o importe correspondente á bolsa aboarase ao/a estudiante pola Universidade na conta corrente da Entidade Bancaria indicada por el/ela da que deberá ser titular ou cotitular. Efectuarase por mensualidades de acordo á normativa interna de xestión en relación coas prácticas académicas externas formativas.

En caso de que non chegase a completarse o período da bolsa, se a finalización prematura é decidida polo/a estudiante, e non é debidamente xustificada e/ou avisada con tempo suficiente, a Universidade poderá reclamarlle os custos ocasionados.

## XI. XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA:

A aportación da UDC no Programa implica:

- a. Asumir a xestión das prácticas académicas externas e das bolsas correspondentes as mesmas.
- b. Coordinar e xestionar todos os procedementos internos para o seu adecuado funcionamento.
- c. Difundir o Programa na Comunidade Universitaria.
- d. Xestionar a selección do estudantado beneficiario, segundo os criterios establecidos no presente documento.
- e. Identificar, no marco dos programas de prácticas académicas externas, as bolsas deste Programa facendo mención expresa á denominación “PROGRAMA DE BOLSAS-PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS “FUNDACIÓN ONCE-CRUE” PARA UNIVERSITARIOS CON DISCAPACIDADE” e incluíndo os logotipos da Fundación ONCE, Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social FSE, CRUE Universidades e UDC na documentación e soportes correspondentes.
- f. Seleccionar as empresas más adecuadas para a súa participación no Programa.

- g. Facilitar á Fundación ONCE e á CRUE, unha vez finalizada a asignación das prácticas académicas externas, información detallada das mesmas, así como calquera outra información relativa ao Programa e a súa execución que sexa requirida por calquera delas para o seu debido seguemento.
- h. Realizar un seguemento das prácticas académicas externas, dacordo cos procedementos habituais e elaborar a información de seguemento que CRUE e/ou Fundación ONCE, poidan requerir á finalización da convocatoria. Para iso contaráse co propio informe preceptivo elaborado pola persoa titora da empresa ou entidade participante.

## XII. INTERPRETACIÓN

As presentes Bases foron formuladas a modo de extracto dos *Termos e Condicions Xerais do Programa* ao que se adhire para a súa participación a Universidade da Coruña, os cales prevalecerán en caso de litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultantes da súa execución ou interpretación, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte.

As actuacións administrativas dos diferentes órganos da UDC participantes neste procedemento serán recorribles, en canto se desenvolven no exercicio das súas competencias de dereito público, na forma prevista nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o que se indicará nos acordos ou resolucións correspondentes e, no seu caso, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## XIII. Información

SAPE A Coruña

Pavillón de Estudantes 1º andar,

Campus de Elviña

Extensíons: 2916, 2901, 2903

Correo electrónico:

[emprego.vepeu@udc.es](mailto:emprego.vepeu@udc.es)

SAPE Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Extensíons: 3616, 3617, 3618

Correo electrónico:

[emprego.vepeu@udc.es](mailto:emprego.vepeu@udc.es)

A Coruña, a 13 de decembro de 2016.

O Reitor

D. Julio E. Abalde Alonso